



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Nomear operario de servizos múltiples no Concello de Laxe.

**Núm. Admvo. Expte.:** 2019/E001/000009

**Expte. Decreto Núm.:** 2019/G003/000750

Mediante resolución de Alcaldía núm. 689/2019, de data 06/09/2019 aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral dunha persoa que realice tarefas de operario de servizos múltiples no Concello de Laxe.

Por resolución de Alcaldía núm. 712/2019, de data 19/09/2019 aprobouse a lista provisional de persoas aspirantes admitidos/as e excluídos/a á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 20/09/2019 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso-oposición, na que propón ao sr. Alcalde designar a Juan Méndez Ramos como peón de servizos múltiples no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada pola persoa aspirante Juan Méndez Ramos establecida na base undécima das bases de selección,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía

#### RESOLVE:

**Primeiro.** Designar a Juan Méndez Ramos como peón de servizos múltiples, durante dous meses dende o 26/09/2019 e ata o 25/11/2019, ámbolos dous incluídos, a xornada laboral a tempo completo de 40 horas semanais, con distribución da xornada que estableza a Alcaldía e baixo a modalidade de contrato de obra e servizo determinado.

**Segundo.** Publicar esta resolución na páxina web do concello ([concellodelaxe.com](http://concellodelaxe.com)) e no Taboleiro de Anuncios do concello e dar traslado ao Departamento de Contabilidade.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fé.

O alcalde,  
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora  
Asdo.: Begoña Carrasco García